

ACORDOS COMITÉ TÉCNICO XIMNASIA ARTÍSTICA

OURENSE, 20/01/2026

1. TECNIFICACIÓN 2026.

O orzamento aprobado na Asamblea co que se contará para 2026 será de 3.481,22 €. Dito orzamento está suxeito a presentación e realización do seguinte proxecto de tecnificación, presentado por Marcos Martínez para XAM e XAF, e acordado polo Comité autonómico:

Ximnasia Artística Masculina:

Proponse realizar unha ou dúas sesións de adestramento con un adestrador externo especializado e con experiencia para que axude aos clubs a dirixir os adestramentos tanto de iniciación como de alto nivel e lles asesore no planificación de deben levar os ximnastas para a súa mellora.

Para dar continuidade ao traballo da pasada tempada o adestrador proposto é Isaac Botella, técnico do CAR de Madrid.

As xornadas do primeiro semestre, previstas para o 28-29 de marzo, estarían abertas os ximnastas con proxección tanto de nivel base como Vía Olímpica e levaríanse a cabo nas instalacións do Club Terra Sports. A idea é traballar elementos máis avanzados.

As xornadas do segundo semestre, cuxa data está pendente de designar, estarían orientadas a traballar elementos máis básicos.

Establécese un presuposto de 1.000€ para ambas sesións.

Ximnasia Artística Feminina:

Proponse realizar o seguinte proxecto a desenrolar durante o segundo semestre do ano para adaptarnos a dispoñibilidade dos técnicos que asistan a impartir as xornadas e tamén a temporada competitiva dos clubs galegos:

1. Realizar unhas xornadas enfocadas as novas técnicas de preparación física específica e xeral das ximnastas a cargo dun técnico externo, D. Ignacio Grande, tanto en sesións de traballo cas ximnastas como de formación de adestradores. Estas xornadas estarán abertas a tódolos adestradores galegos titulados con licenza federativa en vigor e participarían todas as ximnastas de Vía Olímpica dos clubs galegos da tempada 2026.
2. Realizar unhas xornadas orientadas ao traballo de técnica de aparatos nos niveis de Vía

Olímpica, especialmente paralelas e barra, cunha adestradora externa con traxectoria e experiencia, D^a. Yolanda do club Xelska de Baleares, e que esta poida acudir con algunha ximnasta de Vía Olímpica do seu club para facilitar o ensino dos elementos a traballar. Estas xornadas estarán abertas a tódolos adestradores galegos titulados con licenza federativa en vigor e participarían como máximo 3 ximnastas de Vía Olímpica dos clubs galegos da tempada 2026 (a designar por cada club).

As datas propostas das sesións son as seguintes:

- Segundo semestre: xornadas de preparación física no mes de setembro (calquera fin de semana).
- Segundo semestre: xornadas de técnica de aparatos nas seguintes datas: 19-20 (prioritaria) ou 12-13 de setembro.

Establécese un presuposto de 2.481,22 € para tódalas sesións.

3. SUXERENCIAS E PREGUNTAS

Establécense as seguintes datas e sedes das distintas competicións autonómicas da modalidade:

- 1^a Fase Liga Escolar: 11-12 abril en Ponferrada, colabora club BayoSil (trasladar foam).
- 2^a Fase Liga Escolar: 02-03 maio en Sada, colaboran club Ximnasia Coruña e Escola Ximnasia Sada.
- Campionato Galego e Fase Final Escolar: 05-06-07 xuño en Sada, colaboran club Ximnasia Ferrolterra, Terra Sports Academy e Escola Ximnasia Sada.

Infórmase de que na normativa Escolar GAM nas categorías 3 e 4 de Salto figura plataforma e débese modificar por plinton/colchón (caer a suelo ou módulo). Acórdase que os clubs participantes revisen a normativa para axeitala ao traballo que están realizando no club cos ximnastas das mencionadas categorías.